# RECOMENDACIÓNS PARA O NADAL 2º CICLO ESO
# IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR, VILAGARCÍA

"***A Pomba e o Degolado***". Fina Casakderrey. Xerais, Fóra de Xogo.




A André foron demasiadas cousas ás que non lle sentaron ben nos tres anos que leva no instituto, onde nin sequera podía refuxiarse no aseo para coller alento. Os recreos estaban tomados por Héctor Solla e Raúl Pernas, unha sorte de matóns clandestinos que lle facían a vida imposible a el e a súa compañeira Halima Atif. Por fortuna na casa, onde tamén se viven tempos moi difíciles, atopará acougo ás súas coitas facéndose cargo dos paxaros do seu avó e chateando, baixo o nick de "Degolado", con "Pomba", unha amiga cibernética que o axudará a descubrir que paga a pena confiar na xente

"***O ceo dos afogados***". Francisco Castro. Ed. Xerais, Fóra de Xogo.




Todos os delfíns de todos os mares, todos os delfíns de todos os océanos, todos os delfíns de todo o planeta decidiron xuntarse á mesma hora no mesmo punto de todos os mares, de todos os océanos de todo o planeta para dende alí avanzar cara á costa. Ás seis horas xustas de ter iniciado aquela estraña peregrinación, como chamados por unha orde misteriosa, pararon, todos de súpeto e de vez. Os científicos amosáronse abraiados diante do silencio, absoluto, en que ficaron instalados os golfiños en cousa de poucos segundos. Todos calados. Coma mortos. Coma á espreita. Coma afogados. Desde aquel intre, as fotografías que foron ofrecendo os satélites e as imaxes emitidas polas canles de televisión sobre o fenómeno resultaron, primeiro sorprendentes e logo arrepiantes: centos de miles de golfiños configuraban círculos case perfectos repartidos por toda a xeografía marítima planetaria. Ninguén sabía explicar que estaba pasando. *O ceo dos afogados*, aborda - baixo a aparencia dunha novela de aventuras e intriga- a importante cuestión da comunicación dos seres humanos cos animais e o desenvolvemento sostible do planeta.

"***De ratos e homes***". John *Steinbeck. Ed. Galaxia.*

George é un tipo pequeño e desconfiado. Lennie é un retrasado, cunha




inmensa forza física, que intenta facer ben todo o que George lle di. Son dous vagamundos pobres e sen fogar que soñan con chegar a ter unha casa propia, con animais dos que coidar. Contratados como xornaleiros por unha granxa californiana, introdúcense nunha trama de malentendidos que os conducirá a un final desgraciado.

"***As Mans do Medo***". Xosé Miranda. Ed. Xerais, Fóra de Xogo.

Desde o primeiro día que puxo os pés na casa da praia comezaron a sucederlle dúas cousas que, aparentemente, parecían non estar relacionadas:




empezou a proerlle, arderlle a man esquerda e comezou a pensar compulsivamente en cambiar de lugar o pozo negro. Máis tarde, notou que os dedos perderan sensibilidade e foi quedando abraiado pola súa torpeza cando cavaba un foso no Cemiterio das Pedras Brancas, onde atopará unha caixa dourada que atesoura unha man. Unha man humana, enteira, perfecta. Viva.

Xosé Miranda recolle neste volume algúns dos seus mellores relatos de medo e terror. A dexeneración e rexeneración dos corpos, as vellas tradicións naturistas, os labirintos de ocultismo, o home peixe… son algúns dos temas destes contos cheos de intriga que meten ao lector dentro de cada un dos relatos e dificilmente o deixa fuxir.

"***Acio Sanguento***". Carlos Freire Cordeiro. Ed. Xerais, Fóra de Xogo.




Daniel Sieiro, un policía capaz de ver ata debaixo do alcatrán, e o seu axudante Maquieira deben averiguar quen é o autor do truculentos asasinato de Xulio Afonso, un profesor de instituto, no que axiña detectan a existencia de moitos ángulos mortos e detalles, aparentemente insignificantes, tras os que se ocultan segredos, mentiras e unha historia de amor. *Acio sanguento*, premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia 2005, é unha novela de xénero policial clásica e pura na que o autor rende unha homenaxe a Colleita vermella de Dashiell Hammett

"***O principiño***". Antoine Saint-Exupèry. Ed. Galaxia.




Este é un libro fundamental da literatura universal. Trata da historia dun neno, príncipe nun planeta sen xente, que un día abandona o seu reino desenganado dunha flor da cal está enamorado. Na viaxe que emprende por distintos planetas coñece sucesivamente a un rei, un vaidoso, un bebedor, un home de negocios, un faroleiro e un xeógrafo. Finalmente chega á terra, onde atopa a unha flor, un raposo, un garda-agullas, un comerciante e un aviador caído no deserto que trata de arranxar a avería do motor do seu avión. O home e o neno falan e fanse amigos, pero o pequeno quere volver ó seu planeta, onde está a súa flor, e déixase morder por unha serpe velenosa. Non é este o episodio menos enigmático e misterioso dun libro que todo el é un puro misterio. A tradución galega de Carlos Casares é hoxe considerada unanimemente como unha auténtica xoia literaria. Un libro para todas as idades repleto de melancolía, fantasía, misterio e sabedoría.

"***Frankenstein ou o moderno prometeo***". Shelley, Mary. Ed. Galaxia.




Un gran clásico da literatura universal, inspirado no vello mito do home creador de vida. Publicado por vez primeira en 1818, sempre foi un libro de inmenso éxito entre lectores de todo o mundo: por ser unha excelente ficción literaria que engaiola o lector desde as primeiras páxinas, pero tamén unha estimulante proposta reflexiva sobre problemas como as orixes da vida, as capacidades e límites da ciencia, a natureza humana e a súa corrupción coa sociedade.

"***A Casa dos Lucarios***". Teresa Moure. Ed. Xerais




Rosa e Chicho, cando perderon a súa terceira filla, María Celeste, aparecida morta no seu berce na segunda semana de vida, decidiron instalarse en Ferreira. Alí levantaron unha casa de dúas plantas, coa cociña grande daqueles tempos, pegada á corte, e dous cuartos máis para acubillar á xente miúda, ademais dun faiado fermoso onde gardaren mazas e millo e soños dos que escorregan polas fendas de madeira. Despois, Chicho tiraría coa corte e construiría a taberna, onde cada noite apertaba o fol da súa gaita grileira, e onde tamén Rosa acrecentaba, contra vento e marea, as súas industrias de vendedora de pezas do enxoval. A vida ía manando paseniño, coa correspondente ración de dores e alegrías, como mudaba a casa dos Lucarios. Teresa Moure ofrece nesta novela curta, escrita nunha prosa engaiolante, enchida de humor e sensualidade, a historia dunha familia a través das mudanzas e transformacións realizadas na súa vivenda ao longo de varias décadas.

"***El Síndrome Mozart***". Gonzalo Moure. Ed. Sm




Durante un verano en un pueblo de Asturias, Irene conoce a Tomi, un chico muy especial con un gran talento musical. Irene descubre, en un apasionado diálogo a través de la música, que Tomi tiene el mismo síndrome que pudo tener Mozart. Una conmovedora historia sobre la amistad, la comunicación y el amor.

"***Cuando Hitler robó el conejo rosa***". Judith Kerr. Ed. Alfaguara. Serie Azul.




La llegada de Hitler al poder va a cambiar radicalmente la vida de Anna y su familia. En su huida del horror nazi, deberán abandonar su país y dejará atrás muchas cosas queridas, como su conejo de peluche. Con él también se quedará su infancia.

"***Malditas matemáticas***". Carlo Frabretti. Ed. Alfaguara. Colección: Serie Azul.




Alicia detesta las matemáticas y piensa que no sirven para nada... hasta que un día un extraño personaje, que resulta ser Lewis Carroll, el autor de *Alicia en el País de las Maravillas*, la lleva a conocer el País de los Números.

"***El Fantasma de Canterville y otros cuentos***". Oscar Wilde. Ed. Alfaguara. Serie Roja.




Una atrapante, divertida y clásica historia en la que Oscar Wilde parodia las leyendas de fantasmas. Cuando el ministro norteamericano Hiram B. Otis decide comprar el antiguo castillo inglés de los Canterville para ir a vivir con su familia, todos le advierten que está encantado y que allí vive un horroroso fantasma. Los Otis no creen en fantasmas, pero pronto los espantosos ruidos y una mancha de sangre que siempre reaparece van a convencerlos de lo contrario. Se incluyen también los cuentos "*El ruiseñor y la rosa*", y "*El amigo fiel*".

"***La Emperatriz de los Etéreos***". Laura Gallego. Ed. Alfaguara.




Bipa no cree en los cuentos de hadas. No le interesa nada más allá de las cuevas donde vive su gente. En cambio, su amigo Aer, el hijo del extranjero, parece que cada vez se aleja más de la realidad y va dejándose absorber por el brillo de la estrella azul... donde dicen que vive la Emperatriz de los Etéreos. ¿Por qué quiere partir si en el exterior sólo hay hielo y, al parecer, lo único que se encuentra es la muerte?

"***El otro barrio***". Elvira Lindo. Alfaguara. Serie Roja.




En el centro de menores donde ha sido internado, Ramón Fortuna, un joven de quince años, da su versión de los hechos a su abogado. No se sabe muy bien por qué razones pero el joven ocasiona la muerte a dos personas.

***"Rebeldes".*** S.E,.HINTON. Ed: Alfaguara




Unos adolescentes neoyorquinos se ven envueltos en una complicada aventura a causa de la enemistad entre dos bandas. A raíz de una pelea callejera, Ponyboy y Jonny tienen que huir de la ley sin ser verdaderamente culpables.

***"Sin noticias de Gurb".*** MENDOZA, EDUARDO. Ed. Seix Barral.




Perdido en la Barcelona preolímpica, el extraterrestre Gurb pone al servicio de su supervivencia la extraña cualidad de adoptar el aspecto que le plazca. Se pierde con la apariencia de Marta Sánchez, mientras su compañero alienígena inicia la búsqueda en la jungla urbana. Por su diario personal vamos conociendo las increíbles peripecias de un extraterrestre en Barcelona. En este relato de carácter paródico y satírico la invención de Eduardo Mendoza convierte la Barcelona cotidiana y absurda en el escenario de una carnavalada. Tras las máscaras pintarrajedas y grotescas se revela el verdadero rostro del hombre urbano actual.

***"El misterio de la cripta embrujada".*** Ed. Seix Barral. Eduardo Mendoza,




*El misterio de la cripta embrujada* es a la vez una apasionante historia de crímenes y enigmas, una farsa burlesca y una sátira moral y social que tiene sus raíces últimas en la picaresca y en el modelo cervantino. La acción nos es relatada en estricto orden cronológico, desde la perspectiva de un único narrador —el personaje principal, detective improvisado y delirante cuya creación es uno de los más felices hallazgos de la obra— y se halla comprimida en un marco temporal muy reducido, en cuyo interior se precipitan y encadenan los más inesperados e intrigantes acontecimientos, tan pronto cercanos al esperpento como a la novela gótica o a la desaforada parodia de la serie negra.